IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO
Gran Vía, 191
36210-VIGO
ies.santome.freixeiro@edu.xunta.es

Documento nº 15: CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO

Estudo e detección do alumnado cun perfil de problemas de aprendizaxe elaborado pola xefa de estudos coa colaboración da Profesora de Pedagoxía Terapéutica e a xefa do Departamento de Orientación.
-Avaliación inicial grupal, realizada polo Departamento de Orientación, de todo o alumnado de 1º da ESO e información individualizada dos seus resultados.
-Avaliación de alumnos de nova incorporación ao noso centro e que teñen problemas de aprendizaxe ou son de orixe estranxeira con dificultades nos nosos idiomas, galego e castelá.
-Realización da avaliación inicial a finais de outubro de todo o alumnado de ESO, sendo un dos obxectivos prioritarios a revisión das medidas adoptadas con alumnos con problemas de aprendizaxe (reforzos, apoios, agrupamentos específicos, PMAR, ACIs) e a selección de novos destinatarios ás mesmas.
-Ao longo do curso escolar a xefa do departamento de orientación atenderá as solicitudes de valoración demandadas, polos titores, profesores, xunta de avaliación, familias ou alumnado.
-Nas avaliacións finais de xuño e de setembro, equipos docentes e titores, en coordinación con xefatura de estudos e co departamento de orientación, formularán propostas para a adopción, no seguinte curso escolar, de medidas de atención á diversidade co alumnado que non acade os obxectivos mínimos requeridos sendo especialmente importante a valoración de alumnos susceptibles de ser destinatarios de medidas extraordinarias e de ser derivados a un PMAR ou a un agrupamento específico.

B. CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS DESTINATARIOS DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

 A idade do alumno e o risco de abandono escolar

 Os problemas xeralizados de aprendizaxe e a súa situación sociofamiliar
 O esforzo mantido ante as tarefas escolares e a súa regularidade de asistencia a clase
 Alumnado cunha destas características: procedente do estranxeiro, menores tutelados, menores sometidos a medidas de responsabilidade penal, familias itinerantes, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero
 Os informes médicos e psicolóxicos, así como de minusvalías presentados pola familia
 Os informes dos titores e o orientador que veñen de Educación Primaria
 Os informes psicopedagóxicos de orientación e do EOE

C. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS NO CURSO 2016-2017

APOIO COA PROFESORA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT)	NIVEL	Nº alumnos
Apoio coa PT na área de lingua castelá	1º ESO	15
Apoio coa PT na área de matemáticas	1º ESO	8
Apoio coa PT na área de lingua galega	1º ESO	2
Apoio coa PT na área de lingua castelá	2º ESO	5

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO
Gran Vía, 191
36210-VIGO
ies.santome.freixeiro@edu.xunta.es

Apoio coa PT na área de matemáticas	2º ESO	13
Apoio coa PT na área de lingua galega	2º ESO	2

AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOAS NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS	**NIVEL**	**Nº alumnos**
Agrupamento específico de lingua galega	1º ESO	6
Agrupamento específico de matemáticas	1º ESO	7
Agrupamento específico de lingua galega	2º ESO	8
Agrupamento específico de matemáticas	2º ESO	6
Agrupamento específico de lingua castelá	3º ESO	10
Agrupamento específico de lingua castelá	4º ESO	10

PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR	**NIVEL**	**Nº alumnos**
1º PMAR	2º ESO	6
2º PMAR	3º ESO	10

OUTROS REFORZOS E PROGRAMAS	**NIVEL**	**Nº alumnos**
Exención en 2º idioma estranxeiro e reforzo en lingua galega.	1º ESO	8
Exención en 2º idioma estranxeiro e reforzo en lingua castelá.	2º ESO	14
Programa de recuperación para alumnos con materias pendentes doutros cursos.	ESO	85
BAC	42	

D. SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

Ao longo do curso escolar en reunións trimestrais do departamento de orientación, o profesorado implicado e o profesorado titor, coordinados pola xefatura de estudos e, nas avaliacións trimestrais valorando, cos respectivos equipos docentes, os resultados académicos acadados por estos alumnos.

Ao finalizar o curso, valorarase o éxito e rendemento efectivo do plan de atención á diversidade na súa totalidade segundo o grao de consecución dos obxectivos xerais propostos e o grao de satisfacción dos participantes.